

140 alumnos sensibilizados, o núcleo de San Vicente sen Herba da Pampa e a contorna de As Bizocas sen plumacho

O Concello de O Grove acolle a celebración da Semana Ibérica sobre Invasoras, con actividades promovidas por Galicia Ambiental, no marco do LIFE Cortaderia

O Grove, 10 de maio de 2024

Preto de 200 alumnos de primaria e secundaria de colexios e institutos do Grove participaron nas charlas de sensibilización na loita contra as especies invasoras, con motivo da celebración da Semana Ibérica sobre Especies Invasoras (SEI). Esta semana realizáronse numerosas actividades organizadas pola Asociación Galicia Ambiental, en colaboración co concello do Grove nesta comarca, desde charlas informativas a escolares ata accións de extracción da invasora Herba da Pampa. Ao longo do luns, martes e mércores, alumnos de 5º e 6 primaria do colexio CEIP Valle Inclán e de 1º e 3º de ESO do IES As Bizocas tiveron a oportunidade de asistir a charlas sensibilizadoras de especies exóticas invasoras como a Herba da Pampa (Cortaderia Selloana). Ademais, este venres realizáronse tarefas extractivas da Cortaderia na contorna do vial de acceso ao centro urbano de San Vicente, co obxectivo de evitar novas expansións pola península do Grove e a lugares sensibles como Adro Vello e a súa área. Durante esta xornada puidéronse extraer máis de medio centenar de plantas (o que equivalería a máis de 40 millóns de semillas no outono) nos terreos próximos a localidade de San Vicente, a zona dunar e tamén a unha zona cercana ao IES As Bizocas, centro educativo que destacou estes anos por emprender accións continuadas de alto valor para a loita contra especies invasoras e a sensibilización do seu alumnado contra o seu uso. Esta parte da actuación foi especialmente significativa xa que se interviu no regato e a zona dunar anexa, liberada así da presenza da planta e limitada a súa expansión, xenerando un novo "territorio barreira" que agora vai ser rexenerado.

Estas actividades estanse levado a cabo por segundo ano consecutivo pola Asociación Galicia Ambiental en colaboración o Concello do Grove (do mesmo xeito que se fixo o ano pasado coa erradicación da Uña de gato na Illa da Toxa). Desta volta a acción é



moito máis ambiciosa: a partir deste verán, e durante o próximos catro anos, no marco de proxecto LIFE Coop Cortaderia, realizaranse extraccións da Herba da Pampa e das súas sementes para evitar a súa proliferación (cada planta pode chegar a producir millóns de sementes). Esta actuación preventiva realizarase durante o período inicial de floración, antes de que a semente sexa fértil. Estas faranse desde a zona da Lanzada ata San Vicente do Mar, e de aquí ata a capital municipal polo vial costeiro. Será unha acción sistemática nas contornas das estradas, para evitar a súa expansión na península meca. Tarefa complicada e que deberá manterse no tempo dada a súa presenza masiva en municipios próximos para evitar que se poida volver reproducir. O obxectivo é que, ao acabar o proxecto, O Grove quede libre desta planta invasora e, desta forma, só fagafalta facer revisións periódicas para que esta non volva reproducirse.

Compromiso a longo prazo

O Concello do Grove e a Asociación Galicia Ambiental, que executan en Galicia, o programa plurianual LIFE CoopCortaderia levarán a cabo así, un conxunto de accións na península do Grove para a loita contra a especie exótica invasora CortaderiaSelloana. **O Concello dotarase, co apoio técnico e asesoramento xurídico do proxecto LIFE CoopCortaderia, dunha ordenanza municipal específica,** que será pioneira en España, que impulsará e sentará as bases para facer realidade a obrigação da erradicación desta (ou outras especies, incluídas no catálogo español de especies invasoras) e evite o desenvolvemento destas en terras mecas, centrándose, de forma especial, na Herba da Pampa e con posible ampliación a outras como a Uña de gato e a Cana.

Marco xurídico

En España a Ley de Patrimonio Natural y Biodiversidad Nacional (ley 42/2007 ou LPNB), establece unha garantía de conservación de especies silvestres (art. 54), así como tamén unha serie de prohibicións e deberes en canto a todo tipo de especies que habitan no territorio español.

En canto ás especies exóticas invasoras, os arts. 64 e ss. da LPNB regulan as normas básicas do Catálogo Español de Especies Invasoras (CEEI). O seu apartado 5º establece a prohibición xenérica de posesión e de transporte, cuestión importante para a Herba da Pampa. O art. 64 bis remítese ao Catálogo de Especies Invasoras de preocupación para a UE.

Así mesmo, O art. 7 do Real Decreto de Especies Exóticas Invasoras (RDEEI) establece como efectos desta catalogación "a prohibición xenérica da súa posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos, dos seus restos ou propágulos, que puidesen



sobrevivir ou reproducirse, incluíndo o comercio exterior". Por tanto, todo suxeito público ou privado está sometido a esta prohibición e a mera tenencia en leiras ou xardíns, públicos ou privados, implica a súa "posesión", á vez que o tráfico das súas sementes é un claro caso de "transporte".

No caso da Cortaderia, a súa prohibición inclúe toda España, polo que a súa expansión está proscriba en todo o territorio nacional (art. 7.2, 3 e 4). No caso de remoción de terras por exemplo en obras públicas, implicaría unha medida de fomento da súa expansión. Estes prexuízos das especies do Catálogo de EEI conleva medidas de seguimento e prevención e mesmo medidas urxentes (art. 8 e art. 9 do RDEEI).

E, segundo indícase no art. 10 do RDEEI, impóñense unha serie de medidas a tomar de xestión control e erradicación. Interesa especialmente o que "as autoridades competentes poderán requirir aos titulares de terreos que faciliten información e acceso aos seus representantes, co fin de verificar a presenza de especies exóticas invasoras e, no seu caso, tomar as medidas adecuadas para o seu control" e o que "as autoridades competentes no medio ambiente adoptarán medidas para evitar o abandono de restos de especies vexetais exóticas, fóra dos acumulados no marco de campañas de erradicación, a condición de que non supoñan un risco de dispersión". En relación coa disposición adicional segunda do RDEEI, inclúense "os exemplares asilvestrados de especies de vexetais exóticos cultivadas, de acordo ao artigo 52.2 da Ley 42/2007, do 13 de decembro".

Proxecto LIFE CoopCortaderia en Galicia

A Asociación Galicia Ambiental forma parte do consorcio de institucións e organizacións que desenvolverá o programa LIFE CoopCortaderia + que abarca varias rexións e comunidades autónomas atlánticas de España, Portugal e suroeste de Francia para o control da invasora Herba da Pampa. O proxecto propón avanzar no control e erradicación da Cortaderiaselloana no Arco Atlántico aproveitando o efecto arrastre do anterior LIFE Stop Cortaderia (2018-2022) para profundar nas leccións aprendidas, ao mesmo tempo que se desenvolven ferramentas para a mellora da gobernanza pública e probada, fronte á invasión da Cortaderia.

Cun orzamento total de 6,3 millóns de euros, a Asociación Galicia Ambiental pretende executar un investimento próximo aos 400.000, dos que 187.528 serán achegados pola Unión Europea a través de fondos LIFE, entre outubro de 2023 e febreiro de 2028. O proxecto presentado pola organización ambientalista galega supoñerá a creación dunha decena de postos de traballo, priorizándose a incorporación de colectivos de difícil inserción ao comprado laboral.

O proxecto LIFE CoopCortaderia + ten así un socio galego que asume directamente a súa execución, co obxectivo de materializar parte do aprendido neste e outros



<https://galiciaambiental.org/lifecoopcortaderia>

[@galiciaambienta](#)

**NOTA DE
PRENSA**

territorios atlánticos e colaborar activamente coas administracións locais e rexionais para contribuír a materializar parte dos obxectivos do Plan de acción xa elaborado. O principal obxectivo sitúase agora en mellorar a metodoloxía de control e xestión desta especie invasora dentro do territorio galego xerando un “territorio barreira” para a protección das zonas de interior, onde se buscará a súa erradicación.

.....

Para ampliación informativa:

Benito García – Tel. 604000742

Coordinador en Galicia del Life STOP Cortaderia+

Presidente Asociación Galicia Ambiental

.....

Saúdos, Carmen de la Red

Teléfono: 623991351

DIRCOM GALICIA AMBIENTAL

info@galiciaambiental.org

www.galiciaambiental.org/lifecoopcortaderia